

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión a Xefa da Asesoría Xurídica, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 14 de outubro de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación para oficinas, garaxe e taller de reparación e mantemento de vehículos destinados o transporte de persoas, e licenza de obras para agrupación de dúas naves, con licenzas 410/08 e 411/08 e obras de construción de planta alta e reforma interior, na rúa das Panadeiras, parcela 26, e rúa das Leiteiras, parcela 23, rueiro H, do parque empresarial IN-F.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para construción de piscina en Conturiz-San Andrés de Castro; para construír unha vivenda unifamiliar illada, na parcela 5 da licenza de segregación 714/09, no núcleo rural tradicional de Castelo de Arriba, parroquia de Santiago de Castelo e para construción de edificio sede do “Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo Cetal” destinado a uso administrativo-oficinas e futuros laboratorios e área de investigación.

Tamén se acorda a denegación das seguintes licenzas: para construción de edificio na avda. Doutor García Portela, número 25 e para adaptación de escaleiras de acceso ó entresollado no edificio con licenzas municipais números 244/86 e 17/93, sito na rúa Curros Enríquez, número 40.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobar a proposta da Delegada de Urbanismo para delimitación de contornos de protección establecidos no artigo 30 das normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a rectificación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Enxeñeiro/a Técnico de Obras Públicas pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a denuncia do vencemento do contrato administrativo correspondente á explotación do servizo de cafetería anexa ao centro de Servizos Sociais “Milagrosa II”.

Acórdase a aprobación da habilitación de crédito nos orzamentos do 2010 e da addenda número 4 ao convenio entre as distintas Consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Lugo para a construción do Centro Cultural-Auditorio de Lugo.

Así mesmo, acordase a incoación de expediente de cesión do contrato de prestación integral das actividades de animación sociocultural nos centros sociais municipais.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais así como nos colexios públicos do Concello de Lugo e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a adxudicación provisional para a contratación da adquisición onerosa dunha vivenda para servizos sociais-anualidade 2009.

Acórdase a elevación a definitiva da adxudicación provisional de tres vivendas polo procedemento negociado para a adquisición de tres destas vivendas na contratación da adquisición onerosa de sete vivendas para Servizos Sociais.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DEPORTES

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acordouse adiar o asunto relativo a aprobación do Proxecto da Ordenanza reguladora do réxime de funcionamento da medida municipal de conciliación “Os Bancos do Tempo”, para un mellor estudo sobre o seu fondo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da extensión de banda ancha mediante tecnoloxías Wimax/Wifi en zonas rurais do Concello de Lugo.
- Acórdase a Delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación da adquisición e implantación dun conxunto de Web Services para o acceso ó sistema integral de xestión municipal.

Lugo, 21 de outubro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García